

O único que queda é o amor. Este libro de Agustín Fernández Paz é sen dúbida algunha o que máis me gustou de toda a súa obra literaria e incluso o que máis me gustou de todos os libros de galego que teño lidos este curso. É un libro de 10 relatos relacionados co amor. Na meirande parte deles trátase de amores perdidos, ou amores que quedaron en nada, son relatos tan preciosos como tristes, é unha marabilla de libro. A verdade é que case todos os relatos son dignos de ler, aínda que se teño que elixir un quedo co primeiro, pareceume dos mellores. Tamén me gustaron moito outros como por exemplo "ríos da memoria", ou "despois de tantos anos", tamén "amor de agosto" é dos mellores. Estes tres tratan sobre antigos amores adolescentes esquecidos e frustados. "despois de tantos anos" é tamén unha reflexión sobre os erros que ás veces cometemos e que cambian completamente a nosa vida, e logo, pasados os anos, daríamos calquera cousa por volver atrás e arranxalo todo. Aínda que este relato me pareceu perfecto, para min, o relato estrela deste libro é o primeiro, e non sei por que, quizais por iso, por ser o primeiro que un le cando aínda non sabe de que vai o libro, e queda totalmente asombrado pola profundidade do conto. En fin, que me pareceu un libro fantástico, e penso que todo o que diga aquí sobre el non lle pode facer xustiza. **(Raquel)**

Este libro de Agustín Fernández Paz foi o mellor libro de relatos que lin pero non o mellor do seu repertorio. O erro deste autor sempre transcorre no final da obra xa que os seus finais son moi inverosímiles ou decepcionantes. Como neste libros os finais son máis ou menos abertos dálle un toque perfecto aos relatos. Sen dúbida o que máis me gustou " Un radiante silencio " e " Amor de agosto". Estes relatos transmiten un profundo sentimento de amor que acaba mal, en desesperación polo amor perdido. Os protagonistas tamén experimentan a amargura do desamor, da ausencia ou dos amores rotos. A pesar do poder destrutible e deformante que ten o amor todas as persoas o buscamos, o solicitamos .Todos queremos atopar esa persoa coa que poder ser felices pero que na maioría dos casos remata facéndonos dano. Recomendo este libro para ler, xa non como libro voluntario, senón para os que lles gustan historias de amor tristes pero que espertan sentimentos que todos sentimos, en menor ou maior proporción. **(Sara)**